

# Ternera Gallega



A carne con carné

Revista do Consello Regulador • Número 36 • Marzo 2012

## Informe de Actividade TG-2011

Eleccións IXP  
Ternera Gallega

**Exquisi**

*Ternera Gallega Suprema - Carne de Rubia Gallega*



# PROGRAMA CRUZAMIENTO INDUSTRIAL





# Ternera Gallega

Revista do Consello Regulador • Número 36 • Marzo 2012

## Sumario

### Edita

Consello Regulador da  
IXP Ternera Gallega

### Coordina

Karen Wernink

### Redacción

Montse Calvo  
Laura Enríquez

### Administración

Recinto feiral, Amio, s/n  
Apdo. de Correos 2.014  
15891 Santiago de Compostela  
(A Coruña)

### Impresión

Gráficas Garabal, S.L.

### Tirada

8.000 exemplares

### Consello Regulador da IXP Ternera Gallega

Recinto feiral, Amio, s/n  
Apdo. de Correos 2.014  
15891 Santiago de Compostela  
A Coruña (España)

### Tels.

981 57 57 86  
981 57 48 99

### Fax

981 57 48 95

### Correo electrónico

consejo@terneragallega.com

### web

<http://www.terneragallega.com>

© Consello Regulador da  
IXP Ternera Gallega

D.L.: C/692/2003



### Eleccións no Consello Regulador da IXP Ternera Gallega

4

### Actualidade

Campaña Promocional de  
Ternera Gallega Suprema  
Carne de Rubia Gallega

9

### Informe de Actividade da IXP Ternera Gallega durante o exercício 2011

11

### Información sectorial

Acreditación de ENAC  
á IXP Ternera Gallega

16

### Colaboración técnica

As campañas oficiais de  
saneamento gandeiro e o  
seguro agrario combinado

18

### Entrevista

Francisco Couso Cantos,  
Director Carrefour A Coruña

20

# ELECCIÓN NO CONSELLO REGULADOR DA IXP TERNERA GALLEGA

O 28 de febreiro de 2012, publicouse no DOGA a Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar, pola que se convocan eleccións nos consellos reguladores galegos. Comeza así un novo proceso electoral na IXP Ternera Gallega, no que os inscritos nos censos de gandarías, cebadoiros, matadoiros, salas de despezamento e Mayoristas e retallistas de carne van eleixir democráticamente aos seus representantes, para constituír o novo pleno do Consello Regulador da IXP, que estará formado por sete vogais do sector produtor e sete vogais do sector industrial. O pleno actuará baixo a dirección do seu presidente e contará alomenos cun vicepresidente e cun máximo de dous delegados designados pola citada Consellería.

O pleno do Consello Regulador é o órgano superior de goberno da IXP, e elíxese por un período de catro anos, de acordo co establecido no Decreto 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. O actual Consello Regulador foi eleixido no ano 2007, e desde ese momento asumiu a responsabilidade da defensa dos gandeiros e das industrias cárnicas inscritas, da aplicación e cumprimento do Regulamento da IXP, do control e certificación da carne amparada por Ternera Gallega, así como dos programas de promoción e de información aos consumidores para favorecer a súa comercialización.

Ao longo dos últimos anos, o sector de vacún de carne sufríu cambios significativos que afectaron á súa evolución e ao seu



posicionamento no mercado, sen esquecer o forte encarecemento das materias primas, a situación conxuntural do medio rural, a propia climatoloxía, a crise económica da poboación española e a fluctuación do consumo e dos prezos da carne de vacún.

Nese contexto variable e competitivo á vez, Ternera Gallega foise adaptando aos cambios que se produciron e superou as dificultades ata estar cada vez máis consolidada, como proban os seus resultados moi positivos e esperanzadores para o sector en Galicia, con crecementos entre un 6 e un 10% na maioría das súas magnitudes. Tamén hai que resaltar o crecemento nos últimos anos de Ternera Gallega Suprema, que na actualidade significa un 54% dos tenreiros rexistrados e máis do 47% das canais totais certificadas pola IXP. Este crecemento é consecuencia do esforzo realizado en control e promoción, da excelente calidade da carne producida en Galicia, da expansión no mercado español e do aproveitamento de novas oportunidades comerciais, así como

do recoñecemento e confianza da maioría dos consumidores.

Ante esta nova convocatoria de eleccións e para continuar nesta liña constante de expansión e afianzamento da IXP, é moi importante que todos os gandeiros e industrias cárnicas inscritas nos censos de Ternera Gallega participen no proceso electoral que terá lugar o día 3 de xuño, porque é o momento de eleixir as persoas e as entidades máis representativas e capaces para dirixir a Denominación e continuar reforzando o seu prestixio entre os profesionais do sector, os consumidores españois e a sociedade en xeral.

Sen lugar a dúbidas, a experiencia acumulada, a traxectoria e o camiño andado, o sentido común na toma de decisións e na xestión do consello regulador, así como os resultados acadados, constitúen un aval para que o sector de vacún de carne de calidade galego siga sendo líder en España e para que a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega estea nunha posición favorable para afrontar os novos retos de futuro.



**No Diario Oficial de Galicia, do 28 de febreiro de 2012, publicouse a orde da Consellería do Medio Rural e do Mar, pola que se convocan eleccións e se ditan as normas para a renovación dos órganos de goberno dun total de dezasete consellos reguladores do ámbito agroalimentario, entre eles o de Ternera Gallega, para o vindeiro 3 de xuño de 2012.**

A execución do proceso electoral será realizada por cada consello regulador, e a súa supervisión correspóndelle á Xunta Electoral, con sede nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, en Santiago de Compostela, que estará presidida polo secretario xeral do Medio Rural e Montes.

O pasado 28 de febreiro comezou de xeito oficial o proceso electoral, data a partir da cal as organizacións profesionais, empresariais e cooperativas presentarán

os seus candidatos para formar parte da Xunta Electoral. Durante este tempo, os consellos reguladores elaboran os censos de acordo coa normativa vixente, tanto do sector produtor como industrial, que se expoñen a partir do 22 de marzo nas Oficinas Agrarias Comarcais, nos servizos centrais da Consellería e nas súas Xefaturas Territoriais, e na sede da IXP.

O 13 de abril iniciárase o prazo de presentación de candidatos a vogais do pleno do consello regulador, que rematará o 25 de abril. O 2 de maio terá lugar o sorteo para designar os membros das mesas electorais, nas que deben colaborar aqueles inscritos que resulten escollidos. A campaña electoral comezará o 22 de maio e a votación terá lugar o día 3 de xuño. Os vogais que resulten eleixidos serán os encargados de propoñer e escoller os futuros presidente e vicepresidentes do consello regulador, como máximo antes do 22 de xuño.

## NORMAS BÁSICAS

Poderán exercer o seu dereito a votar todos os gandeiros, industrias e comerciais cárnicas que estean inscritos nos correspondentes censos da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, sempre que teñan actividade, estén ao día nas súas obrigas co consello regulador e cumpran a normativa vixente ao efecto.

As persoas físicas para votar deberán acreditar a súa identidade, presentando o DNI, pasaporte ou permiso de conducir, nos que figure a fotografía do titular.

As persoas xurídicas deberán acreditar que a persoa que vota é o seu representante legal. Deberán presentar poder notarial para o efecto, estatutos sociais ou certificación do acordo de autorización para votar emitida polo órgano de goberno da entidade.


A votación terá lugar o domingo, 3 de xuño de 2012, nas mesas electorais que se detallan nas páxinas seguintes. Comezará ás 10:00 horas da mañá e rematará ás 17:00 horas da tarde.

Os sobres e papeletas de cada candidatura estarán á disposición dos electores nos locais electorais.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO REGULADOR DA IXP TERNERA GALLEGA  
NÚMERO DE VOGAIS

SECTOR PRODUTOR		SECTOR INDUSTRIAL			
Censo A Gandarías	Censo B Cebadoiros	Censo C Matadoiros		Censo D Salas de Despezoamento	Censo E Maioristas e Retailistas
		C <sub>1</sub> ≤ 2.000	C <sub>2</sub> > 2.000		
4	3	1	3	2	1

MAPA COA DISTRIBUCIÓN DAS MESAS ELECTORAIS



## DISTRIBUCIÓN DAS MESAS ELECTORAIS:

Os **Censos A** (Gandarías) e **B** (Cebadoiros), votan nas seguintes mesas:**Mesa Electoral SANTA COMBA:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Ames, Baña (A), Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Cerceda, Corcubián, Coristanco, Dodro, Dumbria, Fisterra, Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Negreira, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal (A), Ponteceso, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Tordoia, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Vimianzo, Zas.

**Mesa Electoral CURTIS:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Abegondo, Aranga, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Coruña (A), Culleredo, Curtis, Frades, Irixoa, Melide, Mesía, Miño, Oleiros, Ordes, Oroso, Oza dos Ríos, Paderne, Pino (O), Sada, Santiso, Sobrado, Toques, Touro, Vilarmador, Vilasantar.

**Mesa Electoral AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

**A Coruña:** Ares, Cabanas, Capela (A), Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, Pontes de García Rodríguez (As), San Sadurniño, Somozas, Valdovíño.

**Lugo:** Cervo, Muras, Ourense, Vicedo (O), Viveiro, Xove.

**Mesa Electoral MONDOÑEDO:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Pastoriza (A), Pontenova (A), Ribadeo, Riotorto, Trabada, Valadouro.

**Mesa Electoral VILALBA:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Vilalba, Xermade.

**Mesa Electoral A FONSAGRADA:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Baleira, Fonsagrada (A), Meira, Nequeira de Muñiz, Pol, Ribeira de Piquín.

**Mesa Electoral LUGO:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Antas de Ulla, Castroverde, Corgo (O), Friol, Guntín, Lugo, Montoroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Portomarín, Rábade.

**Mesa Electoral BECERREÁ:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Nogais (As), Pedrafita do Cebreiro.

**Mesa Electoral SARRIA:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Incio (O), Lánchara, Paradela, Páramo (O), Samos, Sarria, Triacastela.

**Mesa Electoral MONFORTE DE LEMOS:****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón (A), Quiroga, Ribas de Sil, Saviñao (O), Sober, Taboada.

**Mesa Electoral A POBRA DE TRIVES****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Barco de Valdeorras (O), Bolo (O), Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil, Petín, Pobra de Trives (A), Rúa (A), Rubiá, San Xoán de Río, Teixeira (A), Veiga, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Vilariño de Conso.

**Mesa Electoral XINZO DE LIMIA****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

Allariz, Amoeiro, Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Blancos (Os), Bola (A), Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Gome-sende, Gudiña (A), Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Melón, Merca (A), Mezquita (A), Monterrei, Muiños, Nogueira de Ramuín, Oimbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Pereiro de Aguiar, Peroxa (A), Pontedeuva, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, San Cibrao das Viñas, Sardiñas, Sarreaus, Taboadela, Toén, Trasmirás, Vereá, Verín, Vilamarín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadañedo.

**Mesa Electoral LALÍN****Nesta mesa votan as gandarías e cebadoiros de:**

**Ourense:** Beariz, Boborás, Carballiño (O), Irixo (O), Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea.

**Pontevedra:** Agolada, Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, Cañiza (A), Catoira, Cerdedo, Cotobade, Covelo (O), Crecente, Cuntis, Dozón, Estrada (A), Forcarei, Fornelos de Montes, Gondomar, Grove (O), Guarda (A), Illa de Arousa (A), Lalín, Lama (A), Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, Neves (As), Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Ponteareas, Ponte-Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, Porriño (O), Portas, Redondela, Ribadumia, Rodeiro, Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vigo, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

Os **Censos C1** (Matadoiros con ata 2.000 canais certificadas /ano), **C2** (Matadoiros con máis de 2.000 canais certif./ano), **D** (Salas de Despezo) e **E** (Maioristas e Retallistas de carne), votan nas mesas:**Mesa Electoral CURTIS:**

**Nesta mesa votan todos os Matadoiros, Salas de despezo e Maioristas e retallistas de carne da provincia da Coruña.**

**Mesa Electoral XINZO DE LIMIA:**

**Nesta mesa votan todos os Matadoiros, Salas de despezo e Maioristas e retallistas de carne da provincia de Ourense.**

**Mesa Electoral LUGO:**

**Nesta mesa votan todos os Matadoiros, Salas de despezo e Maioristas e retallistas de carne da provincia de Lugo.**

**Mesa Electoral LALÍN:**

**Nesta mesa votan todos os Matadoiros, Salas de despezo e Maioristas e retallistas de carne da provincia de Pontevedra.**

**Nota:** A ubicación das mesas electorais será nas Oficinas Agrarias Comarcais situadas nas localidades citadas.

# TERNERA GALLEGA NO FÓRUM GASTRONÓMICO SANTIAGO 2012

A IXP potenciou o uso das pezas de carne secundarias na alta cociña

Un ano máis a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega participou na gran festa da gastronomía atlántica, o Fórum Gastronómico 2012, unha cita na que están representados os produtos máis importantes da cociña galega, e que este ano tivo lugar por terceira vez en Galicia.

Ademais de participar no stand institucional da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, xunto con outros produtos galegos con indicativo de calidade, a IXP serviu de base para a creación culinaria presentada polo prestixioso cociñeiro galego Javier Rodríguez Ponte, Taky, en GastroNovena. Unha das actividades paralelas do Forum, na que participaron 16 cociñeiros do Grupo Nove que presentaron os seus pratos en 8 establecementos da cidade, aproximando a alta cociña a todos os que se animaron a gozar de pratos de vangarda nos locais composteláns de sempre. Taky ofreceu a todos os que se achegaron ata o restaurante A Casa Do Medio, costela de Ternera Gallega glaseada con ceboliñas ao Queixo do Cebreiro.

## Entre fogóns

Neste marco a IXP realizou tamén un show cooking, na sala de catas do stand da Consellería, no que combinou a exposición e a explicación das cualidades da súa carne coa degustación que ofreceu ao público asistente. A presentación da IXP foi o comezo da demostración culinaria na que se elaboraron tres propostas diferentes: Tatak de Ternera Gallega, Filete de baleiro a grella de Ternera Gallega con cachelos, e Lingote de Costela de Ternera Gallega glaseada con ñoquis de Patata de Galicia.

Con estes pratos a IXP fixo un percorrido culinario empregando distintas técnicas de cociña e deu a coñecer as amplas posibilidades que ten a carne amparada pola Denominación á hora de elaborar receitas de gran nivel gas-



tronómico, ademais de ampliar o coñecemento doutros cortes de vacún menos empregados na alta cociña.

Tamén foi a protagonista do taller que impartiu o recoñecido cociñeiro Flavio Morganti aos preto de 80 asistentes que acudiron a esta cita para coñecer "in situ" as técnicas para aromatizar pratos con Ternera Gallega. Un proxecto de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico levado a cabo por este cociñeiro co fin de sentar as bases que permitiran aromatizar os alimentos no seu proceso de cocción, valéndose da calor, o vapor e o fume. O taller incluíu una degustación dos pratos a base de Ternera Gallega acompañados con viños da D.O. Monterrei.

## TERNERA GALLEGA PROTAGONISTA EN XANTAR 2012

A carne certificada pola IXP foi un dos ingredientes estrela dos pratos que elaboraron os alumnos do Centro de Hostalaría e Turismo IES Vilamarín, o pasado 4 de febreiro, en Expourense.

A Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega contou co seu espazo propio na décimoterceira edición do Salón Galego de Gastronomía e Turismo, Xantar 2012, que se celebrou en Ourense do 1 ao 5 de febreiro.

Da man do Centro de Hostalaría e Turismo IES Vilamarín e compartindo cociña con outras reputadas marcas do sector alimentario galego, diferentes DO's de viño e queixos como Queixo Arzúa-Ulloa e Tetilla e IXPs como Patata de Galicia, Pan de Cea ou Grellos de Galicia, Ternera Gallega foi o principal ingrediente dos pratos que presentaron os alumnos do Cen-

tro IES Vilamarín aos asistentes que quixeron achegarse ata Xantar.

As tres creacións principais foron: Roliños de Ternera Gallega recheos de Grellos de Galicia e Queixo Tetilla sobre Pan de Cea torrado, Ternera Gallega braseada sobre tosta de pisto manchego, e Ragout de Ternera Gallega con Patata de Galicia avelá, que puideron degustar máis de 200 asistentes a Xantar 2012.

A participación no Salón do Centro de Hostalaría e Turismo IES Vilamarín, consolidada ano tras ano, ten unha dobre vertente como actividade di-



dáctica e transversal que consegue involucrar o alumnado, de tal xeito que son eles mesmos os que se responsabilizan dos labores de organización, promoción e coordinación do "stand", permitindo pois achegar a teoría das aulas á realidade laboral.

# TERNERA GALLEGA, EXQUISITA

*A Indicación Xeográfica Protexida pon en marcha, durante os meses de marzo e abril, unha campaña promocional e publicitaria baixo o eslogan “Exquisita, Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Gallega” para reforzar a imaxe de calidade da Denominación e a nova marca.*

Durante os meses de marzo e abril, a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega desenvolve a campaña “Exquisita, Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Gallega”. Unha iniciativa promocional e publicitaria en medios de comunicación e soportes exteriores co obxecto de reforzar a imaxe de calidade da Denominación e fomentar o seu consumo.

A campaña consistirá na colocación de valados exteriores de gran formato e de monopostes, tanto nas principais cidades como no resto das vilas con máis poboación de Galicia. Así mesmo, a acción estará apoiada mediante a realización na radio de actividades específicas de divulgación dirixidas aos consumidores, a emisión de cuñas publicitarias e as accións con promotoras e materiais de merchandising nos puntos de venda.

Ternera Gallega persegue con esta campaña mellorar o grao de coñecemento da IXP en xeral e da marca Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Gallega en particular, estimulando á vez o consumo da carne de calidade certificada nos establecementos de venda.





# CAIXA RURAL GALEGA

[www.caixaruralgalega.es](http://www.caixaruralgalega.es)

Sempre estivemos ó lado dos que queren botar raíces, dos que traballan duro para mellora-los seus resultados e dos que necesitan moverse por tódolos campos.

Por iso, se a túa ilusión é mercar unha vivenda, montar ou mellora-lo teu negocio ou cambiar de coche, na Caixa Rural Galega temos crédito para ti nas mellores condicións para facelo realidade.

Vennos ver, estamos preto da xente con proxectos e ilusións.



# TERNERA GALLEGA CRECE MÁIS DO 7% E SUPERA AS SÚAS CIFRAS HISTÓRICAS



O presidente do Consello Regulador, Jesús González Vázquez, presentou, ante os medios, os principais datos do Informe de Actividade da IXP correspondentes ao ano 2011, nun acto presidido por Rosa Quintana Carballo, Conselleira do Medio Rural e do Mar.



***Segundo o Informe de Actividade do ano 2011 da IXP Ternera Gallega, o pasado exercicio foi un ano récord caracterizado polo crecemento da Denominación en todas as súas magnitudes, o seu afianzamento no sector de vacún de carne e a súa evolución favorable no mercado, acadando valores de crecemento medio por riba do 7%, que se poden cualificar de históricos tendo en conta o contexto rural e a crise económica actual. No seu informe, a IXP comparou as principais magnitudes do ano 2011 coa media do último quinquenio 2006-2010 para acadar maior obxectividade.***

***A tenor do exposto, a Denominación conta na actualidade con 7.508 gandarías (un 11,2% máis), e 77 industrias e comerciais cárnicas inscritas. No pasado exercicio identificáronse máis de 114.000 tenreiros (cun crecemento do 6,2%), certificáronse case 80.000 canais (un 7,4% máis), e superáronse por primeira vez as 17.000 toneladas de carne certificada comercializada baixo o amparo de Ternera Gallega.***

***O volume de negocio no ano 2011, tendo en conta as transaccións comerciais realizadas entre a industria e a distribución, acadou os 91,2 millóns de euros, cun incremento do 11,6%, cifra que proba a importancia das operacións que se efectúan e o valor engadido que achega Ternera Gallega ao sector de vacún de carne.***

***Así mesmo, o esforzo promocional que realiza a Denominación, xunto co labor nos puntos de venda, vén favorecendo a expansión e consolidación comercial da IXP en toda España, cun crecemento moi significativo do número de establecementos (máis de 1.200), que teñen a imaxe corporativa e comercializan Ternera Gallega.***

O ano 2011 caracterizouse polo incremento do número de gandarías inscritas na IXP, ata acadar as 7.508. O número de tenreiros identificados foi de 114.091, cun aumento do 6,2%.




### Explotacións inscritas

O número de explotacións gandeiras inscritas na IXP experimentou un crecemento do 11,2%, ata acadar as 7.508, unha cifra moi reseñable tendo en conta a problemática das explotacións no tocante á súa rendibilidade e ás perspectivas de continuidade. O feito de que as explotacións estean cada vez máis profesionalizadas permite mellorar a súa competitividade, favorece o mantemento da actividade agrogandeira e potencia a fixación da poboación no medio rural evitando o seu despoboamento.

### Tenreiros identificados


O número de tenreiros rexistrados pola Denominación foi de 114.091, cun crecemento do 6,2 %; unha cifra que permite atender as necesidades da industria cárnica, a súa actividade comercial e o abastecemento da demanda xerada. Estes datos tamén amosan a confianza dos gandeiros galegos no labor que desenvolve Ternera Galega e nas súas posibilidades produtivas e comerciais que inciden positivamente no redimensionamento en Galicia das explotacións de vacún de carne e na mellora da súa rendibilidade.

### Evolución dos prezos en orixe




No gráfico pódese apreciar a evolución dos prezos en orixe durante o ano 2011 con respecto aos cinco anos anteriores. No seu conxunto foi bastante similar, pero sempre cun diferencial de prezo, acadando no total do ano un crecemento de arredor do 3%, segundo os datos rexistrados pola Mesa de Prezos de Ternera Galega. No marco da IXP, o peso medio das canais foi de 213 Kg. e a idade media ao sacrificio de 9 meses e 12 días.

**Ternera Gallega certificou un 6,8% máis, ata acadar as 17.013 toneladas de carne, procedentes de 79.875 canais. O valor de negocio incrementouse un 11,6%, acadando os 91,2 millóns de €.**



### Canais certificadas


O número de canais que certificou a IXP durante o 2011 ascendeu a 79.875, un 7,4% máis con respecto á media dos últimos cinco anos. Este crecemento está vinculado coa expansión da Denominación no mercado estatal, onde significa actualmente arredor do 52% da carne con IXP que se comercializa en España e máis do 70% dos consumidores coñécena e consúmena polo menos ocasionalmente. Predominan as canais procedentes de animais machos, con conformacións de canal R e U e graos de engraxamento 2 e 3.



### Carne certificada



A IXP certificou 17.013 toneladas de carne, cun crecemento do 6,8%. Ternera Gallega convértese así nun dos piares do sector de vacún de carne de Galicia, contando con 77 industrias e comerciais cárnicas inscritas. No tocante ao labor de control, fundamental para ofrecer as máximas garantías aos consumidores, practicáronse 20.757 inspeccións, tomáronse 3.066 mostras e realizáronse 5.105 análises e 3.337 probas de ADN, que permitiron o seguimento da trazabilidade da carne ao longo da cadea produtiva.

### Valor económico



O volume de negocio en primeira venda, entre a industria e a distribución, acadou os 91,2 millóns de euros no ano 2011, cun crecemento do 11,6%. Unha cifra que deixa patente a importancia das operacións que se efectúan e o valor engadido que achega Ternera Gallega ao sector de vacún de carne galego. Aínda así, o sector está a sufrir o encarecemento das materias primas que repercute negativamente nos beneficios.

Lugo é a provincia de maior importancia na IXP Ternera Gallega, co 60% dos tenreiros e o 59% das canais certificadas. Ternera Gallega Suprema xa significa máis do 47% da IXP.



### Distribución provincial da produción

No tocante á distribución xeográfica, a maioría dos produtores, tenreiros identificados e canais comercializadas co selo de Ternera Gallega concéntranse na provincia de Lugo, que en todas as magnitudes citadas significa máis do 50% do total da IXP. A carne producida, controlada e comercializada por Ternera Gallega caracterízase por proceder de tenreiros de razas autóctonas e tradicionais do noso país, xunto cos seus cruces, con especial significado para as razas Rubia Galega e Morenas Galegas.

### Categorías comerciais e comercialización

Ternera Gallega é na actualidade a referencia na comercialización de carne de vacún de calidade, repartíndose o seu consumo entre Galicia co 47%, o resto de España co 52% e a exportación co 1%. Véndese en supermercados, que representan o 68% do total, carnicerías tradicionais e grandes superficies comerciais. A categoría Ternera Gallega significa o 51,9% do total da IXP, mentres que a categoría Ternera Gallega Suprema representa xa o 47,2%, cun crecemento forte e moi pronunciado nos últimos anos.

### Establecementos coa imaxe corporativa da IXP Ternera Gallega



No ano 2011 comercializouse Ternera Gallega en 1.246 establecementos. A IXP incrementou de maneira notable o posicionamento da súa imaxe corporativa na distribución alimentaria española. O prestixio acadado e a demanda xerada, xunto co esforzo promocional que leva a cabo a Denominación e o labor nos establecementos de venda contribúen a expandila e consolidala a nivel comercial en toda España.

SEGURO  
20  
12

# Seguros de Explotación Gando Vacún

Trátase dun seguro flexible co que o gandeiro decide a opción e as garantías adicionais que mellor se adaptan ás necesidades da súa explotación.

## Opción A:

Morte ou sacrificio obrigatorio por accidentes, Febre Aftosa e Encefalopatía Esponxiforme Bovina (E.E.B.).

Para Febre Aftosa compensa a inmovilización dos animais.

## Opción B:

OPCIÓN A + complicacións no parto, así como a morte da cría no mesmo ou nas 24 horas seguintes ao seu sacrificio necesario.

## Opción C:

OPCIÓN A+ B + sacrificio económico por incontinencia de secreción leiteira por un accidente traumático e morte ou sacrificio económico por Mamite.

## Garantías Adicionais

- Saneamento gandeiro
- Pastos estivais e invernaís
- Síndrome respiratorio bovino en recría (S.R.B.)
- Meteorismo
- Carbunco
- Enfermidades

## Subvención

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente concede unha subvención que pode chegar ata:

**49%** do custo neto

+

A comunidade autónoma de Galicia concede ata un **18%** do que dá o Ministerio

agroseguro



*Pase o que pase, ti seguro*

PARA SUBSCRIBIR O TEU SEGURO DIRÍXETE A:

MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS • SEGUROS GENERALES RURAL • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • AGROMUTUA-MAVDA, SDAD. MUTUA DE SEG. • MUTRAL, MUTUA RURAL DE SEGUROS • SEGUROS GROUPAMA • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • UNIÓN DEL DUERO, CÍA. DE SEGUROS • MUTUALIDAD ARROCERA DE SEGUROS • CAIXA PENEDÉS ASSEGUANCES GENERALS • HELVETIA CÍA. SUIZA S.A. DE SEGUROS • BBVASEGUROS, S.A., DE SEGUROS • AXA SEGUROS GENERALES • ASEFA, S.A. SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • SEGUROS CATALANA OCCIDENTE • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • MUTUA GENERAL DE SEGUROS-EUROMUTUA • CAHISPA, S.A. DE SEGUROS GENERALES • GES, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. • METRÓPOLIS, S.A. CÍA. NACIONAL DE SEG. • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO • OCASO, S.A. DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • SANTA LUCÍA, S.A. CÍA. DE SEGUROS • SANTANDER SEGUROS Y REASEGUROS • CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

# TERNERA GALLEGA, MÁXIMAS GARANTÍAS EN CONTROL E CERTIFICACIÓN PARA UNHA MAIOR SEGURIDADE ALIMENTARIA

- *A Indicación Xeográfica Protexida obtén a acreditación de ENAC, segundo a norma UNE-EN 45011, para a certificación da trazabilidade da súa carne, respondendo a criterios de transparencia, rigor, fiabilidade e control.*
- *A acreditación supón para o Consello Regulador un salto cualitativo nas garantías que achega aos consumidores, cada vez máis esixentes coa calidade e seguridade dos produtos agroalimentarios.*

A Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega e todos os que forman parte dela, desde produtores, industrias, distribución ata o consumidor, están de noraboa. O motivo vén dado porque o pasado 23 de decembro de 2011, a Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) outorgoulle a acreditación ao Consello Regulador da IXP, recoñecendo a súa competencia técnica para a certificación da carne de vacún segundo os criterios recollidos na norma europea UNE-EN 45011.

Esta acreditación supón o recoñecemento da imparcialidade e fiabilidade do sistema de certificación aplicado polo Consello Regulador da Denominación, que está baseado no seguimento e control da produción de carne de Ternera Gallega en todas as súas fases, desde as explotacións nas que se crían os animais, pasando



polos matadoiros e as salas de despezamento onde se procesa a carne amparada pola IXP, ata chegar aos consumidores.

A acreditación conséguese despois de dous anos de intenso traballo, nos que se implantou a norma UNE-EN 45011 nas actividades de certificación do Consello Regulador. Os traballos realizados consistiron principalmente

no desenvolvemento e implantación dos procedementos que permiten asegurar a fiabilidade das actividades de certificación, a axeitada formación e supervisión do persoal inspector e auditor da Indicación Xeográfica Protexida e, en definitiva, o aseguramento da xestión transparente, imparcial e eficaz das certificacións emitidas polo Consello Regulador.



**ENAC, selo de garantía con vocación de servicio público a escala internacional**

A Entidade Nacional de Acreditación é o organismo designado pola Administración para establecer e manter o sistema de acreditación a nivel nacional, de acordo coas normas internacionais, seguindo en todo momento as políticas e recomendacións establecidas pola Unión Europea.

ENAC é unha organización declarada de utilidade pública, independente e sen ánimo de lucro, auspiciada e tutelada pola Administración, que desenvolve a súa misión cunha clara vocación de servicio público, dirixido tanto á Administración como ao mercado en xeral, garantindo que todas as súas actuacións se basean en principios de imparcialidade, in-



dependencia e transparencia, cun marcado carácter técnico, achegando valor a todos os axentes que teñen intereses nos distintos aspectos da acreditación.

A súa misión é avaliar a competencia técnica dos organismos de certificación, entidades de inspección, laboratorios, verificadores e demais órganos de control, para xerar así

confianza nas súas actividades á Administración, ao mercado e á sociedade en xeral.

Destá forma consegue que os seus servizos estean recoñecidos e aceptados nacional e internacionalmente, contribuíndo así a unha maior protección das persoas e do medioambiente e ao aumento da competitividade dos produtos e servizos españois.



# AS CAMPAÑAS OFICIAIS DE SANEAMENTO GANDEIRO E O SEGURO AGRARIO COMBINADO

Tras máis de 30 anos de saneamento no gando vacún, os produtores coñecen perfectamente as consecuencias de que o seu gando estea acusando as enfermidades da Campaña Oficial, e que o risco existe á marxe do status sanitario e o manexo da gandaría.

Canto mellor e máis selecto é o gando e o status sanitario da gandaría, maior é a preocupación do gandeiro sobre as consecuencias económicas que pode carrexar que un animal resulte positivo e, por suposto, que iso leve á inmovilización da granxa ou, mesmo, ao sacrificio de todos os seus animais.

Por este motivo, cada vez máis gandeiros establecen como prioridade na xestión das súas producións, manterse cubertos contra as consecuencias que un caso deste tipo poida traer sobre os seus resultados, aínda que poida parecer pouco probable.

Que ferramentas de xestión do risco ten hoxe en día unha gandaría para prever as consecuencias de resultar positiva a Campaña de Saneamento Gandeiro Oficial.

A todos se nos ocorren a priori varias, desde minimizar o risco da introdución da enfermidade, por exemplo non comprando gando, e, cando isto resulta inevitable, cerciorándose de que a súa orixe teña as maiores garantías; até outras medidas importantes como reducir á mínima expresión o contacto con outras gandarías e con fauna silvestre, aplicar medidas de bioseguridade na propia explotación, etc. Mesmo, cando unha enfermidade obxecto de Campaña de Saneamento conseguiu entrar na gandaría, é posible e recomendable aplicar medidas que mitiguen as súas consecuencias.

Hoxe en día, aínda que non como unha medida imprescindible, si podemos dicir que compartir o risco a través dun seguro apropiado demostrou ser unha das máis importantes.

O Sistema Español de Seguros Agrarios, pioneiro no mundo, e con máis



de 30 anos de experiencia, demostrou posuír a vocación necesaria para converterse nunha ferramenta útil para a xestión das consecuencias económicas que as Campañas de Saneamento poden xerar aos nosos gandeiros.

## Entorno e política da UE

Na actualidade, movémonos nun contexto global (tanto a nivel da UE, como a nivel mundial) onde as accións doutros países traen consecuencias directas sobre a nosa economía e viceversa, polo que é interesante coñecer o rumbo que toma a UE sobre este tipo de enfermidades. Así, mediante o artigo 2 do RD 2611/1996, do 20 de decembro, que regula os programas nacionais de erradicación de enfermidades animais, dispónse que se sometan a estes programas as zoonoses, brucelose bovina, ovina e caprina, e tuberculose bovina, ademais doutras enfermidades animais como a leucose enzoótica bovina e a perineumonía contaxiosa bovina.

Este programa conta xa con novas orientacións sobre a repartición de responsabilidades (quen o ten que pagar e de quen é a responsabilidade). Así a comunicación da UE sobre a nova estratexia de Saúde Animal para a Unión Europea (período 2007-2013), manifesta a súa preocupación, compartida cos cidadáns, sobre as-

pectos como: “(...) saúde pública e seguridade alimentaria de saúde animal, así como os custos económicos dos brotes de enfermidades animais e as consideracións de benestar dos animais”.

Sobre as recomendacións para o futuro, o citado documento resalta: “(...) a necesidade de establecer obxectivos estratéxicos claros, a repartición de responsabilidades e custos e a priorización das medidas da UE baseadas nunha avaliación transparente dos riscos para a saúde pública e a saúde e o benestar dos animais”.

Por iso, parece claro que o futuro apunta a que estas enfermidades continuarán sendo un obxectivo prioritario das Campañas de Saneamento, xa que afectan á saúde pública. Ademais, empeza a falarse da repartición de responsabilidades e custos, polo que cada vez, con máis peso, cobra aínda maior importancia entre os profesionais do sector dispór dunha posibilidade real, consolidada e solvente que permita ao gandeiro asegurar a viabilidade das súas producións ante un caso de positividade, máis aló das axudas institucionais, e que, en calquera caso, lle permita complementar estas.

A Administración e o sector produtor teñen un obxectivo común e é que, no camiño á erradicación destas enfermidades, se alcance cada vez unha

menor prevalencia das mesmas nas gandarías e un maior control destas zoonoses mediante a utilización das ferramentas dispoñibles.

É aquí onde o Seguro Agrario Combinado cobra protagonismo. Os gandeiros son cada vez máis conscientes de que a ameaza destas enfermidades é unha realidade e que, á marxe da contía das axudas oficiais, precisan dispór de ferramentas eficaces que minimicen estes riscos nas súas contas de resultados. Desta maneira, o Seguro Agrario, nos últimos anos, experimentou unha evolución importante coa inclusión de novas coberturas respecto diso.

### Incorporación de novas enfermidades

No mesmo RD 2611/1996 citado, prevese que se poderán establecer programas nacionais de erradicación para calquera outra enfermidade infecciosa ou parasitaria que determine o agora chamado Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, polo cal o Seguro Agrario debe ter un carácter dinámico que lle permita incorporar con axilidade as novas enfermidades obxecto das Campañas.

Neste sentido, nos últimos anos incluíronse no Sistema de Seguros enfermidades para diversas especies, como a Encefalopatía Esponxiforme Bovina, Salmonelose, Influenza Aviaria, Enfermidade de Newcastle, Enfermidade de Aujeszky, Peste Porcina Clásica, ou a Febre Aftosa.

### Mellora das garantías de saneamento: Saneamento Extra

Tradicionalmente o Seguro de Explotación de Gando Vacún garante ao gandeiro o “valor de compensación” de cada animal sacrificado como consecuencia das Campañas de Saneamento, complementando así as indemnizacións oficiais e o valor en matadoiro, até alcanzar o valor asegurado deses animais.

Anos despois do nacemento desta garantía, a perda real do gandeiro debía ser revisada, pois a suma do percibido polo gandeiro por cada animal

en función dos tres conceptos aludidos (indemnización da Administración, valor en carne e indemnización do seguro), non restituía totalmente o dano real sufrido.

Nace así no ano 2010 a garantía de “Saneamento EXTRA”, que incorpora un novo concepto ao indemnizar o período de tempo, comunmente chamado de inmovilización, polas semanas nas que o gandeiro non pode incorporar á gandaría animais que substitúan os sacrificados. Ademais, o propio valor do animal foi revisado e aumentado. Por exemplo, para un animal de primeira lactación, dunha gandaría en control leiteiro oficial, o Seguro prevé unha indemnización de até 1.219 €.

Se ademais, a Administración inmovilízase esa gandaría, o Seguro prevé indemnizacións de 40 € por semana de inmovilización para cada reprodutor sacrificado, até 17 semanas (683 € por cada reprodutor sacrificado).

Ademais, o Seguro prevé outras posibilidades de xestionar o risco derivado das Campañas de Saneamento Gandeiro, como son as garantías de Pastos Estivais e Invernais.

Grazas ao labor emprendido polo Seguro de cubrir toda consecuencia das Campañas de Saneamento, actualmente o gandeiro pode protexerse fronte ao dano pecuniario orixinado por non poder levar a cabo a súa actividade tradicional de pastoreo, e o custo de produción adicional que iso supón ao non poder aproveitar ese recurso.

Cando o gandeiro asegurado sofre este dano por imposición da Autoridade Sanitaria na aplicación das Campañas, o Seguro indemniza en base ás semanas durante as cales a gandaría permanece inmovilizada.

Por exemplo, se se trata de vacas de raza pura de excelente conformación cárnica, indemnizaríase cuns 13 € por cada animal reprodutor e por cada semana de inmovilización, até un máximo de 19 semanas (245 € por reprodutor).

### Resultado das indemnizacións nas campañas 2009 e 2010

No conxunto do territorio nacional, a indemnización neta abonada aos gandeiros por saneamento gandeiro ascendeu a 3 millóns de euros no 2009 e uns 2,5 millóns no 2010.

Das provincias do noroeste peninsular destacan, polo seu maior montante indemnizado, Asturias e Cantabria, a distancia de Lugo e das demais provincias galegas.

Na Campaña 2009, Asturias alcanzou máis de 222.000 € en indemnizacións pola devandita garantía, mentres que Cantabria situouse nuns 200.000 €.

Na Campaña 2010, Cantabria superou os 330.000 € e Asturias os 205.000 €, mentres que Galicia non chegou a 105.000 € de indemnización.

### Futuro das coberturas por saneamento

Despois de máis de 10 anos de proporcionarlle esta garantía ao sector produtor fronte ás enfermidades incluídas tradicionalmente nas Campañas, o Sistema tende a incluír, e faio xa en gran medida, calquera enfermidade que estea sometida á Campaña de erradicación e control oficial ou que poida aparecer no horizonte das nosas gandarías, de forma que o gandeiro que elixa xestionar o seu risco a través do Sistema Español de Seguros Agrarios poida estar tranquilo sobre a viabilidade da súa explotación, pase o que pase.



# CARREFOUR SUPÓN UN GRANDE ESCAPARATE PARA AS MARCAS DOS NOSOS PROVEDORES

*Carrefour constitúe un dos principais expoñentes da gran distribución mundial, sendo España, despois de Francia, o seu segundo mercado máis importante. Neste contexto, Galicia, presente desde 1985 no mapa internacional da cadea, ten tamén un destacado papel na proxección e aplicación de todas as súas estratexias e liñas de negocio. O director de Carrefour A Coruña, Francisco Couso, transmite nesta entrevista a filosofía global da súa compañía, amparada na garantía de calidade e na aposta polos produtos e provedores locais como obxectivos prioritarios. A responsabilidade social empresarial é para Carrefour outra das claves do seu funcionamento, asentado no desenvolvemento sustentable, aquél que debe conciliar as necesidades da sociedade con respecto ás regras da economía e a protección da contorna.*



Carrefour España é a filial dos Centros Comerciais Carrefour máis forte do mundo tanto en presenza, como en número de hipermercados e recoñecemento social da marca, despois da francesa. Atendendo aos datos de maio de 2011, a compañía pon ao servizo dos consumidores 170 hipermercados, 110 Carrefour Market, 34 Carrefour Express, 88 estacións de servizo, 76 axencias de viaxe e 136 axencias de servizos financeiros. Cales son as cifras correspondentes a Galicia?

Carrefour chega a Galicia en 1985, data na que inaugura o hipermercado coruñés de Alfonso Molina. Na actualidade, conta con 10 hipermercados, 9 supermercados, 8 postos de servizos financeiros, 3 estacións de servizo e 10 axencias de viaxe. Entre todos eles xeran emprego directo para máis de 1.900 persoas e indirecto para unhas 3.500 persoas.

Carrefour foi a primeira empresa de distribución no noso país que colocou nos liñais a súa propia marca en 1982. Actualmente lanzan ao ano máis de 3.000 novos produtos de marca Carrefour en alimentación, cosmética, deporte, fogar e téxtil. Cal é o seu valor diferencial fronte a outras marcas de distribución?

En 1982 fomos pioneiros no sector en España no desenvolvemento do concepto das marcas propias. Hoxe supoñen un valor recoñecido da marca e un activo da nosa compañía. Forman parte da oferta comercial e complementan o concepto da liberdade de elección que queremos desenvolver.

As marcas propias de Carrefour aglutinan aproximadamente o 30% dos produtos de alimentación e non alimentación, mentres que o 70% restante compoñeno as marcas dos fabricantes. Queremos contar sempre coa industria innovadora, eficiente e de calidade para traballar xuntos na procura da satisfacción ao consumidor.

Esta política representa, ademais, unha oportunidade para os nosos provedores xa que teñen nos nosos establecementos un excelente escaparate para todas as súas marcas e un bo "banco de probas" para os seus novos lanzamentos e innovacións.

**A compañía aposta polos produtos locais, de aí que no 2010 realizara o 96% das súas compras a empresas locais. Ano no que colaborou tamén con máis de 10.800 empresas españolas e no que promocionou máis de 3.600 produtos rexionais e locais. Podería explicar o porqué desta aposta?**

Desde Carrefour entendemos que a unha sociedade diversa como é a española hai que ofrecerlle propostas enriquecedoras. A riqueza cultural e gastronómica de España supón para a nosa empresa un reto para responder ás novas demandas con variedades adaptadas ás diferentes rexións nas que estamos presentes.

Por unha banda, queremos manter variedades rexionais adaptadas á contorna cultural dos centros e animar con promocións específicas dos produtos das diferentes Comunidades Autónomas. En 2011, realizamos un total de 19 promocións rexionais que contaron coa participación de máis de 240 empresas locais.

**Ternera Gallega é un dos produtos que se comercializa nos seus establecementos. Tendo en conta a forte tradición de produción e consumo de carne de vacún existente en Galicia, atopan diferenzas significativas entre o consumidor galego e o doutras rexións? Son igual de esixentes á hora de mercar?**

Para Carrefour a súa primeira premisa é que o prezo non se discute. É un valor seguro que a empresa ofrece nestes momentos en que o cliente español en xeral, e o galego en particular, máis o demanda.

Así mesmo, como lle dicía, se hai algo que caracterice ao consumidor galego en particular é a súa especial sensibilidade cara aos produtos locais e rexionais de calidade, entre eles a carne de Ternera Gallega. Por este motivo, desde Carrefour ofrecemos produtos dos máis de 580 provedores galegos cos que traballamos, xa que a través deles respondemos ás necesidades dun consumidor esixente como é o cliente galego.

**Garantir a calidade dos seus produtos é un dos seus obxectivos primordiais. ¿Cal é o procedemento que aplican na sección de frescos, sobre todo carnes, para asegurar a trazabilidade dos alimentos?**

Efectivamente, a garantía de calidade é un dos nosos obxectivos prioritarios. Desde Carrefour destacamos o labor que realizamos cos nosos provedores de alimentación, en cuxas instalacións realizamos todos os anos unha media de 200 auditorías agroalimentarias. A maior parte destas auditorías realizáronse utilizando os estándares IFS (International Food Standard)\*.

\* A norma IFS foi desenvolvida polos distribuidores para auditar os seus fabricantes. Está deseñada como unha ferramenta uniforme para asegurar a seguridade dos alimentos e vixiar o nivel de calidade dos produtores.

**A campaña “Da Terra e do Mar A Maior Calidade”, que se desenvolve nos hipermercados que Carrefour ten ubicados en Galicia, é un bo escaparate para a carne de Ternera Gallega, representada xunto a unha gran variedade de produtos galegos. Como axuda esta oferta comercial baseada no surtido local a consolidar a carne da IXP nos establecementos da compañía?**

O desenvolvemento da campaña “Da Terra e do Mar A Maior Calidade”

responde ao compromiso de Carrefour, presente na rexión desde 1985, de apoiar aos produtos e empresas locais. Neste sentido, durante o último exercicio a compañía realizou compras a máis de 580 entidades galegas por máis de 320 millóns de euros. Estes produtos forman parte da variedade dos nosos establecementos, non só en Galicia senón en toda España.

Carrefour reconece, deste xeito, o labor das pemes locais que destacan pola súa imaxe de calidade no mercado nacional. Co desenvolvemento desta campaña monográfica, os produtos das empresas locais consolidáanse na variedade dos hipermercados de Galicia.

**Que entende Carrefour por responsabilidade social corporativa? Cales son as accións que corroboran que son unha empresa socialmente responsable?**

En Carrefour entendemos que a economía debe ser rendible e xusta para cada un dos actores económicos, polo que o desenvolvemento sustentable debe conciliar as necesidades da sociedade con respecto ás regras da economía e a protección da contorna.

Carrefour foi empresa pioneira en implantar políticas ambientais e sociais para a conservación da nosa contorna. Permítame lembrar que fomos a primeira compañía de distribución en España en eliminar as bolsas dun só uso da liña de caixas e ofrecer alternativas máis sostibles. Tamén, neste sentido, apostamos firmemente pola ecoeficiencia dos nosos centros utilizando as tecnoloxías máis avanzadas, como única forma posible de garantir un consumo enerxético responsable e viable de face ao futuro.

Temos a ambición de ser o comercio preferido dos nosos clientes, que nos elixen pola confianza que lles inspiran a calidade dos nosos produtos e a asequibilidade dos nosos prezos. Pero igualmente elixennos porque somos respectuosos co medio ambiente, actuamos sempre para o cidadán e facilitamos o acceso a produtos de calidade a un gran número de persoas.



A IXP Ternera Gallega ofrécelle a todos os lectores a posibilidade de participar neste concurso, que ten as seguintes bases:

■ A IXP Ternera Gallega sorteará material propio como regalo para cada concurso: receitas, barallas, chaveiros, mandís e manoplas serigrafiadas.

■ Farase un sorteo trimestral para cada número da revista.

■ O número máximo de premios será de 40 para cada concurso.

■ Non poderán resultar premiados os traballadores da IXP Ternera Gallega, nin os membros do Consello Regulador, nin tampouco os seus familiares directos.

■ Os sorteos faranse entre os lectores que respondan ben ás tres preguntas que se formularán en relación co contido da revista na que van incluídas.

■ Os premios comunicaranse directamente aos agraciados.



### Concurso Nº 36

1. De que importante grupo de distribución é directivo o entrevistado neste número da revista?
2. Que porcentaxe de crecemento superou Ternera Gallega no pasado exercicio 2011?
3. Que día se celebran as eleccións na IXP Ternera Gallega?

As respostas poden remitirse por correo, durante os 30 días seguintes á publicación da revista, á seguinte dirección:

Referencia Concurso TG  
Consello Regulador da IXP Ternera Gallega  
Recinto feiral, Amio, s/n. Apdo. de correos 2.014  
15891 Santiago de Compostela

Ou por correo electrónico á seguinte dirección:  
[consejo@terneragallega.com](mailto:consejo@terneragallega.com)

**\*Non esqueza incluír o seu nome completo, enderezo e teléfono de contacto.**

## A páxina de Xovenco

### Imos montar un quebracabezas



1. Pega o debuxo nunha cartolina.
2. Recorta polas liñas de puntos.
3. Busca as pezas para recompoñer a imaxe.

### Ponlle Cor á Primavera



Xovenco quere facer desta páxina o cortello máis animado de toda a revista. Agradecemos a todos os xovencos e xovencas que participaron enviándonos os seus debuxos, fotos, contos, adiviñas, chistes... e animámosvos a seguir participando con todo aquilo que se vos ocorra. Agárdanos un montón de agasallos. A dirección é:

Referencia: **Xovenco**

Consello Regulador da IXP Ternera Gallega  
Recinto Feiral, Amio, s/n. Apdo. de correos 2.014  
15891 Santiago de Compostela

# FROIZ



Siempre a su servicio

*calidad*



*a los mejores  
precios*

**800**  
**anive**  
**RSARIO**  
CATEDRAL de  
SANTIAGO

# EXQUISITA

## TERNERA GALLEGA SUPREMA CARNE DE RUBIA GALLEGA

